

## ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa resolución de 10 de setembro de 2024, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos; a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

- 1.- Conforme ao establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira 1 do decreto 7/99, do 7 xaneiro, corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 mestras ou mestres**, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar. Os outros 3 representantes continúan como consecuencia da súa elección no ano 2022.
- 2.- O censo electoral de mestras e mestres estará exposto a partir do **30** no taboleiro de anuncios da sala de profesorado do centro. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do día 6 de novembro**.
- 3.- As candidaturas poderán presentarse dende o 1 de novembro ata as 14:00 horas do 8 de novembro
- 4.- A mesa electoral estará formada pola directora, que actuará como presidenta, e as mestras ou mestres de maior e menor idade, actuando esta última como secretaria.
- 5.- Cada mestra ou mestre fará constar na papeleta de elección un máximo de 1 nome da lista de candidaturas.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegable.
- 7.- Para dar cumprimento ao artigo 35 do referido D. 92/88, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais

relativas ao procedemento da elección de representantes de profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de profesorado, a tales efectos, para o día **5 de novembro**.

8.- A Xunta Electoral de centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Fene, 30 de novembro de 2024

A presidenta da Xunta Electoral

Andrea Fernández López

Asdo: \_\_\_\_\_